



RESOLUCIÓN

ASUNTO: RETROACCIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PROCEDEMENTO Nº 2025/S013/000001 ATA O MOMENTO PREVIO DA CONSTITUCIÓN/CELEBRACIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN.

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000475

ANTECEDENTES:

Considerando que por decreto Nº 2025/G003/000384 de data 20 de maio de 2025 se resolve Aprobar as BASES DE SELECCIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL "RESPIRA" PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO-AGOSTO 2025.

Visto o estado na tramitación do expediente, no que obra, concretamente, a acta da Comisión de valoración provisional evacuada en data 11 de xuño de 2025.

Detectado un erro no informe emitido onde constan as solicitudes formuladas polos interesados e que se constata unha solicitude que non foi obxecto de inclusión en dito informe de rexistro, para o cal, se procede a redacción dun novo informe en data 13 de xuño de 2025 incluíndo todas as solicitudes presentadas data 13 de xuño de 2025, co cal é necesario unha retroacción do procedemento ata o momento anterior á comisión do erro, a saber, o previo a constitución da Comisión de Valoración os efectos de engadir a persoa interesada (MCSS con NRE 202599900000770) que agora figura no listado do informe de rexistro definitivo.

Visto así mesmo, que a data de hoxe, parte do persoal do Departamento de Servizos Sociais non está a prestar os seus servizos por diversas situacións, vacacións, lactancia etc, producíndose unha acumulación de tarefas nas persoas que prestan o servizo, é polo que se procede o nomeamento de novos vogais na Comisión de Valoración para deste xeito non obstaculizar a labor do referido departamento.

Considerando o Artigo 109 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PACAP Revogación de actos e rectificación de erros

1. As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescripción, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Retrotraer as actuacións no procedemento Nº 2025/S013/000001, ata o momento previo a constitución/celebración da Comisión de Valoración(11 de xuño de 2025), e proceder a celebración da mesma coa inclusión da solicitude omitida por erro.

SEGUNDO.-Nomear como vogais da Comisión de Valoración (polos motivos indicados na parte expositiva) a D^a Rosario Paz Rey e D. Manuel Calo Canosa.

TERCEIRO.-Publicar na páxina Web municipal e na Sede electrónica deste organismo no taboleiro habilitado e aos efectos oportunos.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2025/G003/000475

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A concelleira Delegada, *Emilia M^a Trillo Lojo*.

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]